

fest igual 2025

A CORUÑA

do 05 ao 28 de novembro



Organizan:



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Colaboran:



Fundación
María José Jove



EROSKI



Xestiona:





Máis cultura, máis cidade, máis Festigual: o festival das artes inclusivas volve á Coruña en novembro

Novembro volve ser o mes do FESTIGUAL na Coruña, un encontro no que artistas, asociacións e público celebran a inclusión como forma de facer cidade e como sinal de identidade dunha Coruña creativa e aberta á cultura.

O FESTIGUAL - Festival das Artes pola Inclusión e a Diversidade celebrarase do 5 ao 28 de novembro, cunha programación que se espallará por unha ducia de espazos da cidade. Teatro, música, danza, artes visuais e obradoiros difundirán as fronteiras do acceso á creación e ao consumo cultural. **O FESTIGUAL da Fundación Emalcsa, impulsado polo Concello da Coruña**, celébrase dende vai 9 anos grazas ao apoio desde a súa primeira edición da Fundación María José Jove e de Vegalsa-Eroski, ademais do compromiso doutras institucións como a Deputación da Coruña e as asociacións e artistas que colaboran co festival.

No FESTIGUAL, a inclusión non é un apartado especial, senón a forma natural de facer cultura. O seu obxectivo é garantir o acceso universal á cultura e promover a participación activa de todas as persoas na vida artística da cidade, con especial atención a quen está en situación de vulnerabilidade. Cada edición incorpora espectáculos profesionais con medidas de accesibilidade, como subtítulos, intérpretes de lingua de signos ou mochilas vibratorias, e tamén propostas impulsadas por asociacións e proxectos comunitarios. O resultado é un festival pensado para todas as persoas, que demostra que a in-



clusión non limita, senón que multiplica as maneiras de gozar e compartir a cultura.

“Chegar á novena edición significa demostrar que un festival inclusivo non é unha excepción, senón un modelo posible e necesario”. Ao longo dos anos, o FESTIGUAL foi medrando en diálogo constante coa cidade, abrindo escenarios, museos, centros sociais e mesmo hospitais a propostas nas que a accesibilidade non era un complemento, senón o punto de partida. “Non é casual que este camiño se fixese desde A Coruña: unha cidade vangardista, aberta e comprometida, que asumiu o FESTIGUAL como propio e que demostra, edición tras edición, que a cultura pode ser para todas e todos”.

Na súa novena edición, o FESTIGUAL amplía horizontes e incorpora por primeira vez como sedes a Fundación María José Jove ou a Fundación Marta Ortega, ofrecerán visitas guiadas adaptadas ás súas coleccións de arte e fotografía. As actividades chegarán tamén ao Cárcere de Curtis, un espazo que o festival converte nun novo escenario para dar voz a quen adoita quedar ás marxes. Alí representarase unha versión contemporánea da obra Yerma, da asociación Noite de Bohemia no seu proxecto de cultura accesible e inclusiva, que revisita a dureza da vida das mulleres a comezos do século XX e os silencios impostos pola sociedade.

Porque no FESTIGUAL a inclusión enténdese no seu sentido máis amplo: non só como accesibilidade, senón como recoñecemento e apertura a todos os espazos e persoas que fan da cultura un lugar de encontro. Por iso, a edición abrirá coa Gala Música Baixo as Estrelas, que levará ao Teatro Colón ás músicas e músicos da rúa, poñendo en valor o seu talento cotián e reivindicando o seu papel como parte esencial da banda sonora da cidade.

A IX edición do FESTIGUAL - Festival das Artes pola Inclusión e a



Diversidade ofrecerá tamén espectáculos que abordan temas de plena actualidade, como o acoso escolar en **O pequeno poni, de Redrum Teatro**. Coa mirada posta na cativada, nas familias e na educación baseada na normalización dos valores, o festival propón pezas como **De tu a tu, de Collectiu Mur**, que explora a complicidade e a confianza a través do humor e das acrobacias; ou **De corpo a palabra, da compañía Experimentadanza**, que combina danza, poesía e música en directo para celebrar a diversidade das linguaxes artísticas.

A programación familiar complétase con **Podemos volar sin alas, de Cris de Miguel**, un espectáculo de monicreques e poesía que celebra a diversidade e o poder dos sonhos. O festival contará ademais con proxectos de cultura urbana, como o **Freestyle People en Puré Free, de Poten100Mos**, ou **as sesións participativas** de Negus DJ Inclusivo.

Así mesmo, o festival volverá poñer o foco no valor terapéutico das artes coa celebración da **V Xornada de Arte e Saúde, organizada por Rebeca Ponte**.

en colaboración co Hospital de Oza.. Habará tamén espazo para o **Obradoiro de Danzaterapia XQN en familia**, unha proposta interxeracional para explorar o corpo e o movemento.

As exposicións completan a programación. **Carreiros sen néboa, de Nós Why Not?**, é unha mostra fotográfica que rompe prexuízos sobre a discapacidade. A proposta da **Sociedade Filatélica da Coruña, 150 aniversario da liña férrea A Coruña – Lugo**, pon o foco no patrimonio e na memoria colectiva da cidade e unha pequena mostra da actividade de inclusión que realizou a Sociedade Filatélica con motivo de ano Picasso cunhas lonas na Casa da Auga.

O cinema incorpórase este ano como nova disciplina do festiva l grazas á colaboración do **Fórum Metropolitano**, que dedicará a Sala Fernando Rey durante o mes de novembro a unha programación arredor da inclusión e a diversidade. Baixo o título “**Un plano diferente**” a pro-



posta incluírá varias proxeccións internacionais e unha selección de pezas do proxecto Miradas Diversas, da Asociación Cultural Albatros.

Como peche, o **concerto de A Banda da Loba** converterá o Centro Ágora nunha gran festa final inclusiva, presentando **o seu novo disco, Lovismo**.

Sobre o Festigal

O FESTIGUAL - Festival das Artes pola Inclusión e a Diversidade da Fundación Emalcsa naceu co firme propósito de romper coas barreiras físicas, sensoriais, sociais e cognitivas que limitan o acceso á cultura, ofrecendo espectáculos gratuítos que poñen no centro o talento das persoas con diversidade funcional e dos colectivos en risco de exclusión social. Moitas destas propostas xorden da convocatoria Cultura Accesible e Inclusiva da Fundación Emalcsa, que cada ano impulsa proxectos artísticos comprometidos co dereito á participación cultural. Esta convocatoria pon en valor o maravilloso traballo que realizan asociacións culturais da cidade en colaboración co terceiro sector local neste sentido e ao longo dos últimos 9 anos ten convertido A Coruña nun referente nacional neste ámbito.

Non é casual que este proxecto nacesse e se consolidase na Coruña: unha cidade vangardista, aberta e comprometida que fixo do Festigal parte da súa identidade cultural.

Festigal trata de escapar dos circuitos normativos da cultura, moitas veces capacitistas,



para construír un festival que poña no centro a accesibilidade e o goce de toda a poboación. Nove anos despois, esta traxectoria deixa unha certeza: a sostibilidade cultural non ten atallos. Só pode construírse desde o apoio público e privado, desde a corresponsabilidade e desde a inclusión como base irrenunciable.

En nove anos, o Festigual multiplicou por tres o número de participantes e por máis do dobre a asistencia de público. O que comezou como unha proposta experimental con dez entidades e un milleiro de asistentes é hoxe un festival consolidado, con decenas de profesionais implicados e miles de persoas que cada novembro fan da Coruña unha cidade máis diversa, creativa e aberta. A súa comunidade segue medrando tamén en liña, superando as 100.000 contas de audiencia acumulada nas redes sociais e as 5.000 visitas anuais á web, indicadores dun proxecto que conecta cada vez con máis xente.

O Festigual é posible grazas ao compromiso da Fundación Emalcsa, o Concello da Coruña, a Fundación María José Jove, a Vegalsa-Eroski e a Deputación da Coruña, cuxo apoio reforza a idea de que a sostibilidade cultural só pode alcanzarse desde a colaboración público-privada.

Ao longo das súas oito edicións, FESTIGUAL consolidouse como un proxecto clave na promoción da accesibilidade cultural e a inclusión a través das artes. Dende 2017 desenvolvéronse máis de 130 actividades e espectáculos, con arredor de 800 artistas e profesionais participantes e a colaboración de máis de 120 entidades culturais e sociais. Cifras que refrexaron unha inversión total de máis de 500.000€. As súas propostas reuniron xa a máis de 13.000 persoas, facendo da Coruña unha cidade máis consciente e comprometida coa diversidade.

**As
artistas
que fan
Festigual**

festigual.gal



Nos, Why Not? ***‘Carreiros sen néboa’***

“Carreiros sen néboa” amosa como a fotografía pode ser ferramenta de comunicación e inclusión. As súas autoras, todas con discapacidade intelectual —unha delas cega de nacemento—, convidan a percorrer imaxes que rompen prexuízos e barreiras. Cada obra é un testemuño persoal, entre a busca de instantes únicos, a exploración sensorial da cor ou o traballo en proxectos colectivos.

Do 5 ao 29 de novembro

De martes a sábado de 10:00h a 13:00h e de 17:00h a 20:00h na Casa Museo María Pita.
Entrada de balde.

Sociedade Filatélica A Coruña ***‘150 Aniversario da liña férrea*** ***A Coruña - Lugo’***

Unha exposición filatélica que pretende conmemorar o 150 aniversario da inauguración en 1850 da liña férrea entre Coruña - Lugo, tramo que se converteu na primeira parte do que posteriormente sería o tren a Madrid.

Exposición do 27 de novembro ao 15 de decembro

Sala de Exposicións Municipal Salvador de Madariaga



de Luns a domingo de 12:00h a 14:00h
e de 18:00h a 21:00h

Visitas guiadas

8 de novembro ás 12:00h

22 de novembro ás 12:00h

Información e inscricións en festigual.gal

Forum Metropolitano ***‘Ciclo de cine: Un plano diferente’***

A Sala Fernando Rey acolle o ciclo “*Un plano diferente*”, unha programación de cinema que convida a mirar doutro xeito. Durante o mes de novembro proxectaranse “*Intocable*”, “*Olvido y León*”, “*O home e o can*” e “*Sorda*”. Cada sesión inclúe tamén unha curtametraxe de Miradas Diversas, proxecto colaborativo de ALBATROS con usuarias de APEM e Aspronaga que retrata a vida cotiá da Coruña a través do audiovisual..

6-7-8 novembro - “Intocable”

13-14-15 novembro - “Olvido y León”

20-21-22 novembro - “O home e o can”

27-28-29 novembro - “Sorda”

Sala Fernando Rey

Xoves e venres: 20.00h

Sábados: 17.30h e 20.00h

Entrada de balde ata completar capacidade.



Músicas da cidade ***‘Gala música baixo as estrelas’***

Música baixo as estrelas traslada ao teatro o espírito da rúa. Unha gala presentada por Fran Rei e Corina Alfonso que reúne a Sophie Simonds, Asociación AÍS, Kreze, Manu New Orleans Band e o Mago Teto. Un encontro para descubrir artistas que forman parte da vida cotiá, pero que adoitan quedar fóra dos escenarios convencionais. Unha cita con moito humor, música e retranca.

05 de novembro

Teatro Colón ás 20:30h

Entrada de balde ata completar capacidade

** Interpretación en LSE*

Redrum Teatro ***‘O pequeno poni’***

Luismi, un neno de dez anos, sofre acoso escolar por levar unha mochila da súa serie favorita, O meu pequeno poni. Inspirada en feitos reais, a obra de Paco Bezerra aborda a violencia, os prexuízos e o medo, pero tamén a liberdade e a diferenza. Un retrato descarnado e necesario sobre aceptar ao propio fillo e sobre a responsabilidade das familias e da sociedade na loita contra o acoso.

07 de novembro

Centro Ágora:

Ás 11:30h - Espectáculo público escolar

Ás 20:30h - Entrada de balde ata completar capacidade.



Fundación María José Jove 'Visita guiada adaptada á Exposición Permanente'

A Colección de Arte da Fundación María José Jove iniciouse nos anos noventa cunha aposta pola arte galega, ampliándose despois a un conxunto de referencia que abrangue os séculos XIX, XX e XXI. O percorrido inclúe pintura, escultura e instalacións que reflicten a evolución da arte desde o romanticismo ata as vangardas internacionais e a creación contemporánea, converténdose nunha das coleccións máis completas do panorama galego.

08 de novembro

Sede da Fundación María José Jove ás 12:00h

Entrada de balde.

Inscripción previa en festigual.gal

** Interpretación en LSE*

ONG ¿Por qué no? 'Danzaterapia en familia XQN'

Unha actividade aberta a todas as idades, de 0 a 99 anos. Un espazo para explorar o corpo a través da danza, acompañados de música e materiais que invitan a xogar e moverse. Un encontro pensado para gozar en familia, compartir tempo xuntos e descubrir novas formas de expresión corporal.



08 de novembro

Fundación María José Jove ás 17:00h

Entrada de balde.

Inscripción previa en www.festigual.gal

Poten 100mos 'Freestyle People en Puré Free'

Unha hora de cultura urbana con freestyle, percusión e moita enerxía en directo. Rimas improvisadas, ritmos tribais coa Banda DiversidArte e un gran peche colectivo con artistas convidados/as de Gallos del Norte converterán o escenario nun estoupido de enerxía e talento urbano.

08 de novembro

Fórum Metropolitano ás 20:00h

Entrada de balde ata completar capacidade

Robert Pier e o Coro Diversos Funcionais 'Mantras'

Un concerto semiacústico a cargo de Robert Pier, con guitarra e voz amplificada, xunto co Coro Diversos Funcionais. Haberá unha proxección audiovisual de presentacións sobre os Mantras das Emocións, acompañada de charlas explicativas sobre o seu significado.

Robert e persoas con diversidade funcional compartirán as emocións que



xorden neste proceso, combinando música e aprendizaxe.

11 de novembro

Colexio Grande Obra de Atoch ás 11:30h

Entrada de balde ata completar capacidade.

Expirementadanza 'De corpo a palabra'

De corpo e palabra é unha peza de danza-teatro que mestura música en directo, poesía e movemento. A partir de textos de poetas como Rosalía de Castro, Xela Arias ou Lorca, e de creacións de artistas con e sen diversidade, a escena échese de voces, corpos e sonoridades. Un proxecto que busca unha nova linguaxe entre danza e palabra, con participación de Su Garrido, Mercedes Peón e Cibrán Seixo.

13 de novembro

Centro Ágora ás 11:30h

Público escolar

Centro Ágora ás 20:30h

Entrada de balde ata completar capacidade



Cris Miguel ***‘Podemos volar sin alas’***

Podemos volar sin alas é un espectáculo poético de monicreques que celebra a diversidade e o poder dos soños. A protagonista, a Princesa Tetê, é unha moza en cadeira de rodas que soña con voar e descubrir o mundo. Creado e interpretado por Cris Miguel, combina narracións multiculturais, música en vivo e técnicas como kami-shibai ou teatro de sombras para transmitir unha mensaxe de inclusión e esperanza.

14 de novembro

Fundación María José Jove ás 11:30h
Función escolar

Negus ***‘Evento vermuigual’***

Música pinchada en directo para gozar dun sábado especial con temazos de diferentes estilos e épocas. O ambiente correrá a cargo dos DJs do proxecto DJ Inclusivo, que subirán á cabina para facer bailar a todo o mundo xunto con outros DJs referentes da cidade.

15 de novembro

De 12:00h a 18:00h.
La Barra (Rúa Juan XXIII, 10)
Entrada de balde



Collectiu Mur **'De tu a tu'**

¿Qué sucede cuando dos personas, sin prejuicios, se encuentran solas? De tu a tu explora esa intimidade a través de acrobacias con patíns, clowns, bicicletas acrobáticas, malabares con beatbox ou diálogos cheos de humor. Un espectáculo dirixido por Nacho Flores que amosa a verdade, o xogo, a complicidade e a confianza como parte dun gran bosque compartido de emocións.

20 de novembro

Teatro Rosalía as 20:30h

Entrada de balde ata completar capacidade

** Visita táctil ao escenario despois da función*

Rebeca Ponte **'Xornada de arteterapia e** **coidados'**

As Xornadas de Arte e Saúde volven un ano máis dentro do Festi-gual para poñer en valor o papel das artes terapéuticas no ámbito sanitario. A cita reunirá profesionais e proxectos que aplican a creación artística á investigación, á humanización hospitalaria ou á saúde comunitaria.

22 de novembro

Toda a xornada



Hospital Marítimo de Oza (Salón de Actos)
Entrada de balde. Inscripción previa en festigual.gal

Noite de Bohemia ***‘Yerma’***

Música baixo as estrelas traslada ao teatro o espíriYerma, de Federico García Lorca, é unha traxedia sobre a esterilidade, a represión e a loita desesperada por un soño imposible. A protagonista enfróntase á fatalidade nunha espiral de dor que culmina nun destino trágico. Este novo montaje contemporáneo pon o foco na dureza da vida das mulleres a comezos do século XX e nos silencios impostos pola sociedade.

26 de novembro
Centro Penitenciario de Teixeira
Público interno.



Sociedade Filatélica A Coruña 'Postcrossing'

O postcrossing é unha rede global que conecta a milleiros de persoas mediante o envío de postais físicas. Participar é moi sinxelo: envías unha tarxeta e recibes outra desde calquera parte do planeta. A través deste xogo de intercambio créanse lazos inesperados, compártense historias e fórmanse pequenas pontes culturais que nos lembran o valor de comunicarnos máis alá das fronteiras.

28 de novembro

Sala de Exposicións Municipal Salvador de Madariaga ás 17:00h

Entrada de balde. Inscripción previa en festigual.gal

A Banda da Loba 'Concerto a Banda da Loba'

A Banda da Loba presenta Lovismo, xira que leva ao directo o seu último disco (2025). Un espectáculo que percorre diferentes formas de amor a través da bachata, o pop ou a música disco, sen perder a súa identidade literaria e reivindicativa. Un concerto que é tamén declaración: amor como fío vermello, como canto e como transformación. Un concerto que subirá ao escenario a moitas convidadas!

28 de novembro

Centro Ágora ás 20:30h

Entrada de balde ata completar capacidade

** Interpretación en LSE e mochilas vibratorias*

fest igual 2025

A CORUÑA

do 30 de outubro
ó 29 de novembro

Información en
festigual.gal

Organizan:



FUNDACIÓN
emalcsa

Colaboran:



Xestiona:

